

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22 DE DECEMBRO DE 2014.

Presidente:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

Concelleiros:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.
D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS NÚM. 51 DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2014 E NÚM. 52 DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2014.

Acordouse aprobar as actas núms. 51/2014 e 52/2014 correspondentes ás sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 11 de decembro de 2014 e 15 de decembro de 2014 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE ACTIVIDADE.

2.1.- Acordouse CONCEDER licenza de actividade para cebadeiro de porcino, sita no lugar de Pozo Negro-Catasós, de Lalín.



3.- INFORME PREVIO.

3.1.- Acorsouse aprobar o informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas, de data 15/12/14 en relación á solicitude de legalización de estación base de telefonía móbil no Lugar de Alperiz, s/n, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

Quedou pendente para un mellor estudo.

5.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

5.1.- Acordouse proceder á cancelación e devolución de fianza depositada pola Comunidade de propietarios Edificio Banesto na Tesourería Municipal polo importe de 8.000 euros, como garantía para responder das obras de reparación en fachada e medianera.

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **14.679,75 €**.

7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse aprobar o Proxecto de Actividades de Dinamización no Nadal 2014, autorizar e comprometer un gasto por importe de **9.868,00 €** (IVE engadido), con destino ao financiamento dun contrato menor de servizos e concertar coa empresa **EDUVÍA, Xestión Cultural e Lecer, S.L.** a prestación do servizo **ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DO NADAL 2014.**

7.2.- Acordouse autorizar dúas **altas horarias no SAF** para persoas en situación de dependencia.

7.3.- Acordouse a anulación e concesión de varias bolsas complementarias ao estudo.

7.4.- Acordouse aprobar a concesión de varias axudas de inclusión social para



Secretaría Xeral
sufragar gastos de primeira necesidade.

7.5.- Acordouse aprobar unha alta e liquidación para o día 5 de xaneiro de 2015, pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

7.6.- Acordouse solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia, a cesión en propiedade de varias parcelas a este Concello de Lalín, coa finalidade de dedicalas a equipamentos públicos nos distintos servizos e necesidades que haxa na Área de Vilatuxe e delegar na Concelleira Delegada da Área de Vilatuxe para realizar aqueles trámites e actuacións que considere necesarias e poder así levar a cabo o presente acordo.

7.7.- Acordouse aporbar a concesión dos “Premio Lalinenses do ano 2014”.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.


8.1. Dáse conta da **baixa** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, **con efectos para o ano 2015**, para o vado permanente sito na rúa do Rodo, nº 43, baixo (Lalín).

8.2.- Dáse conta da **cambio de titularidade** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao **vado permanente ubicado no baixo do nº 65 da rúa B.**

8.3.- Dáse conta da Resolución da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de data 18/07/2012, pola que se resolve inscribir no rexistro de asociacións a modificación dos membros da xunta directiva da ASOCIACIÓN DE ARGELINOS INMIGRANTES DE LALÍN

8.4.- Dáse conta das bases da Iª Edición do Premio Especial CEU a Excelencia na Investigación, patrocinado pola Fundación Universitaria San Pablo-CEU e o Concello de Lalín.





Lalín muncero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

8.5.- Dáse conta da **ACTA DE CONFORMIDADE** de data 19 de decembro de 2014 do proxecto denominado “**EXECUCIÓN DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR E DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS NO NOVO CONCELLO DE LALÍN**”, asínada polo Xefe Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo do Concello de Lalín.

8.6.- Dáse conta do inicio, o día 12 de xaneiro de 2015, do cumprimento dun Plan de Execución de Traballos en Beneficio da Comunidade, de 360 xornadas, nº executoria 242/2012 do Xulgado do Penal nº 2 de Lugo.

8.7.- Dáse conta do escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, co que achegan ficha normalizada dun xacemento arqueolóxico en Cancelas, Moneixas, código do xacemento GA36024146-Mámoa de Cancelo (Cancelas, Moneixas).

9.- CORRECCIÓN DE ERROS.

9.1.- Acordouse corrixir un erro apreciado na proposta de data 26/11/2014, transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 1 de decembro de 2014 (apartado 3.1 da acta).

=====

